

PLAN DE

BENESTAR E

CONVIVENCIA

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

NOIA

PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

O Director do IES Campo de San Alberto designa para este curso 2023-2024 unha persoa coordinadora de benestar e protección tal e como establece o art. 124 da LOMLOE.

Esta figura ten como **FUNCÍONS** (art. 3 da Orde do 23 de agosto de 2023):

OBXECTIVO	ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
En coordinación co equipo directivo:			
Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.	● Implementación das liñas de convivencia. ● Participación activa na Comisión de Convivencia.	Todo o curso	Mellora do clima social do centro a través de técnicas como sondaxe e observación. Redución de faltas contrarias ás normas de convivencia.

Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos, a través de contidos que teñan que ver coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e a dinámica de grupos, que se incluírán no PAT	● Dinámicas dirixidas a potenciar o clima social de aula e de centro, así como a cohesión grupal e a intelixencia emocional. (COMPÁAS, recreos activos, xincanas, Samaín,Nadal) ● Dinámicas varias para abordar a educación para a prevención da violencia de xénero, empregando como centro de interese o día da muller traballadora e o día internacional da prevención da violencia de xénero. ● Promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos entre toda a comunidade educativa para adquirir habilidades que leven á sensibilización na escolarización. ● Dinámicas varias para abordar a educación para a paz e a non violencia, empregando como centro de interese a conmemoración do día de Educación para a Paz. ● Dinámica para traballar o mes do orgullo LGTBIQ+. Prevención de homofobia.	Setembro Novembro Decembro Outubro Novembro Marzo Xaneiro xuño	A participación do alumnado. A mellora da competencia social.
---	---	--	---

Identificarse ante o alumnado, o persoal do centro educativo e, en xeral, a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.	● Difusión da figura a través das titorías, tanto ás familias como ao alumnado.	Outubro	A demanda que se faga do coordinador de benestar.
Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia.	● Os protocolos danse a coñecer a todo o Claustro e persoal non docente, fomentando o seu compromiso. ● Realizaranse reunións de seguimento.	Todo o curso	A eficiencia na posta en marcha dos protocolos.
Promover a comunicación inmediata por parte do centro ás forzas e corpos de seguridade do Estado.	● As comunicacións coa Policía Municipal e coa Garda Civil son inmediatas e continxentes ás situacións que así o requiran.	Todo o curso	Os contactos realizados e a rapidez na resposta de actuación.
Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia	● A mirada apreciativa sobre o alumando con trauma. ● A formación sobre a prevención e intervención no acoso escolar. ● As prácticas restaurativas. ● A implementación do Plan de Igualdade e diversidade LGBTIQ+, facendo especial atención á loita contra a transfobia e a violencia machista.	Todo curso	A mellora na formación e actualización docente. O benestar do alumnado pertencente ao colectivo LGBTIQ+. Redución de condutas contrarias á convivencia por condutas violentas.

Promover no centro unha alimentación saudable e nutritiva.	● Traballar de forma transversal, sempre que sexa posible, os contidos relacionados coa alimentación saudable, o consumismo e a relación entre ambos. ● Elevar ao equipo directivo todas as carencias detectadas, de ser o caso, na Cafetería do instituto. ● Facilitar alimentos dende o propio centro cando sexa necesario. ● Derivar a Educación familiar do Concello as necesidades detectadas	Todo o curso	Aumento da rapazada que merenda saudable, incluso que a trae da casa. Mellora da competencia persoal, social e aprender a aprender. Mellora na calidade dos produtos da cafetería. Execución da resposta ante as demandas ou necesidades detectadas.
Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo á Axencia Española de Protección de Datos.	● Elevar ao equipo directivo de forma inmediata calquera sospeita que poida implicar o tratamento ilegal dos datos. ● Comunicalo á persoa delegada de protección de datos da Consellería de Educación. ● Poñelo en coñecemento da Axencia Española de Protección de Datos. ● En caso de dúbidas, solicitar asesoramento do asesor xurídico da propia consellería.	Todo o curso	A non existencia de casos deste tipo de violencia

En coordinación co departamento de orientación

Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, da cultura do bo trato.

- Actividade de elección de delegado, con proposta de traballo para a posta en valor dos valores democráticos.
- Xornada de convivencia para o alumnado de nova incorporación.
- Xornada de elección de COMPÁAS
- Obradoiro de prevención de condutas violentas para 2º de ESO. Programa Katorce-18. Asociación Arela.
- Programa de mediación escolar.
- Programa CP INCLÚE

Todo o curso

Mellora da competencia persoal, social e aprender a aprender.

Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.	● Nas reunións de coordinación co profesorado titor, farase seguimento do clima social de cada grupo clase e das posibles relacións sociais que dificulten ou atenten contra a convivencia. Derivaranse ao departamento de orientación e xefatura de estudos para a súa intervención e corrección, de ser o caso. ● Titoría personalizada a través do titor/a, orientadora e, en varios casos, coa xefatura de estudos. Compromisos pedagóxicos e condutuais co alumnado en risco de exclusión social, inadaptación escolar, fracaso escolar ou outras problemáticas persoais particulares. ● Actividades de adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.	Todo o curso 2º Trimestre	Redución das intervencións específicas. Mellora do clima social das aulas. Redución de casos de exclusión social
--	--	---	---

Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.	● Obradoiros realizados pola Biblioteca e Relixión coa Asociación A CREBA ● Traballo de servizos á comunidade, como medida de corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia, na Asociación de saúde mental A Creba e a Asociación de discapacidade Misela.	1º trimestre	A inclusión da persoa con algunha discapacidade. Mellora da competencia persoal, social e aprender a aprender.
Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais.	● Derivación dos informes pertinentes a : Servizos sociais. Servizo técnico do menor. Fiscalía de menores. Aplicación RUMI.	Todo o curso	A intervención favorable nos casos derivados.
Promover a participación das familias	● Programa de orientación familiar. ● Iniciar o traballo de Espazo Familias IES Campo de San Alberto	Todo o curso	A participación das familias. A mellora das súas competencias
En coordinación coas asociacións de nais e de pais:			
Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento	● Deseño de forma conxunta de plans de formación que poidan estar dotados con algunha subvención. ● Promover a constitución da ANPA IES Campo de San Alberto.	Todo o curso.	A participación das familias. A mellora das súas competencias.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos tanto a consecución dos obxectivos xerais coma dos obxectivos propostos en cada actividade e que figuran á súa vez en plans específicos. Así mesmo, avaliarase a coordinación entre o profesorado, a participación activa de toda a comunidade educativa, a satisfacción do alumnado, o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias, concello, etc.) e a inclusión das accións expostas nas programacións das diferentes materias e no propio día a día do centro. Por último, farase un balance global seguindo os indicadores expostos na táboa. O equipo avaliador estará composto pola persoa coordinadora, o grupo de profesores e profesoras implicados no departamento de orientación, os membros do Equipo do Equipo Directivo e a Comisión de Convivencia. Os instrumentos empregados serán a observación, enquisas, sondaxes e cuestionarios, o estudo de casos, así como a análise das condutas contrarias as normas de convivencia de centro.

CONVIVENCIA ESCOLAR (preámbulo do Decreto 8/2015):

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de **VIVIR CON** outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

Os centros escolares que contan cunha adecuada convivencia posúen equipos directivos comprometidos con buscar solucións e recursos de espazo e tempo para que se traballe a convivencia. Tamén promoven a participación dos e das alumnas a través estruturas **que fan que estes sintan que forman parte da solución**".

*Non hai calidade sen a participación **organizada e sostida** do alumnado para construír escolas seguras e con relacións sas" (Isabel Fernández, e Juan de Vicente Abad, 2019.)*

Considéranse **CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA** nos centros docentes (I):

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades ...
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío à autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

- e) As actuacións que constitúan acoso escolar.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, así como a súa substracción.
- h) O actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E PARA A DETECCIÓN DA CONFLITIVIDADE (art. 21 do Decreto 8/2015):

- a) Actividades de acollida para o alumnado e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.
- b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
- c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN.

Debe considerarse, especialmente:

- a organización do centro e da aula;
- a coordinación das actuacións docentes;
- a programación e desenvolvemento do currículo;
- as estratexias metodolóxicas;
- a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente;
- as actividades complementarias e extraescolares.

ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A GARANTIR A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, INCLUÍDA A FORMACIÓN, CO OBJECTIVO DE MELLORAR A CONVIVENCIA ESCOLAR E A RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS.

- a) Difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.
- b) Estratexias coordinadas polo equipo de benestar e convivencia (Partes de incidencias de cores coma no fútbol, ...)
- c) Estructuras de axuda entre iguais. Estas estruturas son oportunidades que permiten ao alumnado descubrir en si mesmo, ensaiar e construír valores así como desenvolver competencias socioemocionais.
- d) Creación de espazos seguros (AULA SEGURA, AULA DE CONVIVENCIA).

A) OBJETIVOS:

- Romper o individualismo nas clases, ensinándolles a estar presentes en situacións nas que o apoio, o respecto e a solidariedade entre iguais é imprescindible.
- Buscar que o alumnado sexa o protagonista observador activo na resolución dos conflitos de afectan ao centro.
- Crear unha cultura de diálogo e unir sensibilidades en torno a un proxecto común.

B) CONCRECIÓNS

Axudantes

Observarán os conflitos e promoverán a convivencia e o benestar social e persoal na aula. A súa tarefa básica é a acollida, compartindo tempos e dando orientacións ao alumnado novo.

Círculos de convivencia

Acollerán ao alumnado con problemas, favorecerán a súa inclusión na aula. Tamén intervirán en situacións de maltrato e capacitarán aos seus compañeiros e compañeiras sobre temas de convivencia.

Titoría entre iguais

Atender e escoitar ao alumnado con problemas académicos.

Equipos de mediación

Intervir nos conflitos escolares mediante a mediación

c) ESTRATEXIAS

TITORÍAS:

- TRABALLAR A RESILENCIA EMOCIONAL
- CREACIÓN DE GRUPOS DE APOIO
- VISIBILIZAR O BUZÓN EMOCIONAL

CÍRCULOS DE DIÁLOGO

Son unha práctica restaurativa para crear comunidade, que vinculan aos grupos e que permiten a expresión de sentimentos e necesidades das persoas que participan.

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA (art. 25 do Decreto 8/2015):

- a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a CCP.
- b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro.
- c) Programación das actuacións do DO encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva.
- d) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA (art. 47 da Orde do 8 de setembro de 2021):

- Atenden temporalmente alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impide o normal desenvolvemento do traballo do grupo-clase.
- Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna/o deba realizar, así como corrixilas e avalialas.
- O alumnado deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais.
- As nais/pais e as persoas titoras legais do alumnado remitido a estas aulas serán informadas e indicaráselles o motivo desa remisión.
- A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.
- Estas aulas poderá empregarse cos mesmos fins que a aula de convivencia inclusiva á que se refire o art. 25 do Decreto 8/2015.

AULA DE CONVIVENCIA

Establécese un protocolo de actuación para a aula de convivencia

PROTOCOLO DA AULA DE CONVIVENCIA

https://drive.google.com/file/d/1EOPfAppPAS5v4T0D7-mg_x4Xd2cqZj_n/view?usp=drive_link

1. O ALUMNADO DA AULA DE CONVIVENCIA PERMANECERÁ DURANTE AS SESIÓNS NA AULA DE CONVIVENCIA **SEMPRE ACOMPAÑADO POLO PROFESORADO DE GARDA.**
2. **A PORTA** DA AULA DE CONVIVENCIA DEBERÁ PERMANECER **PECHADA DESDE O MOMENTO EN QUE ENTRE O PROFESORADO DE GARDA.**
3. O ALUMNO OU ALUMNA EN CONVIVENCIA NON PODERÁ SAÍR DA AULA DE CONVIVENCIA NIN IRÁ BUSCAR AO PROFESORADO DE GARDA. **ESPERA DENTRO DA AULA**
4. **SE NON HAI PROFESORADO DE GARDA** PODERÁ SER DERIVADO Á **BIBLIOTECA NUNCA IRÁ SÓ. ESPERA A QUE ALGÚN PROFESOR OU PROFESORA O LEVE**
5. **OS RECREOS** DO ALUMNADO DERIVADO Á AULA DE CONVIVENCIA **NON COINCIDIRÁN COS RECREOS DO RESTO DO ALUMNADO**, POLO QUE SERÁN NA HORA DESPOIS DO RECREO CORRESPONDENTE.
6. DE CONSIDERARSE PERTINENTE DURANTE O RECREO DO RESTO DO ALUMNADO O ALUMNO OU ALUMNA DERIVADO Á AULA DE CONVIVENCIA PODERÁ ASISTIR ÁS ACTIVIDADES PROGRAMADAS NOS RECREOS ACTIVOS SEMPRE ACOMPAÑADO DUN PROFESOR OU PROFESORA.

7. **NO RECREO DE CONVIVENCIA O ALUMNADO EN CUESTIÓN PODERÁ IR Á CAFETERÍA E SAÍR DA AULA DE CONVIVENCIA.**
8. **DEBERÁ TER SEMPRE TRABALLO QUE LEVAR A CABO**
9. **O ALUMNO QUE SE META NA AULA DE CONVIVENCIA SEN TER QUE ESTAR NELA PODERÁ SER SANCIONADO**
10. **O ALUMNADO QUE ESTEA NA AULA DE CONVIVENCIA E SE META CO ALUMNADO QUE PASE PODERÁ VER AMPLIADA A SÚA ESTANCIA NA AULA DE CONVIVENCIA (1 RECREO, 1 SESIÓN....)**

Cando a situación así o requira, e DEPENDENDO DA SÚA GRAVIDADE, poderá actuarse de forma inmediata e sen necesidade de axustarse ao protocolo.

As medidas poderán ser as seguintes:

- **Expulsión directa por 1 día para casa ou para convivencia.**
- **Labores sociais durante os recreos con tarefas establecidas e individualizadas.**
- **APERTURA DE EXPEDIENTE SANCIONADOR**

RECREOS ACTIVOS (que parten da organización dos recreos desde a coordinación de proxectos COMPÁAS)

OS RECREOS ACTIVOS DA AULA DE CONVIVENCIA (COINCIDENTES COS RECREOS DO RESTO DO ALUMNADO)

Cando haxa 1 alumno ou alumna na aula de convivencia os recreos establécense da seguinte maneira:

1. **O profesorado que está co alumnado na aula de convivencia na hora inmediatamente anterior ao recreo acompañao ao lugar que aparece asignado no horario de recreos que está na propia aula e que queda da seguinte maneira:**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º RECREO	ORIENTACIÓN (MARUXA)	CLUB DE LECTURA (AULA ESPECÍFICA) (CHEFA)	BIBLIOTECA PROBA XOGOS (Mª JOSÉ, ESPE)	TEATRO SALÓN DE ACTOS (ESPE)	CLUB DE LECTURA (AULA ESPECÍFICA (DAVID)
2º RECREO	BIBLIOTECA VOLUNTARIADO (Mª JOSÉ, ESPE)	IGUALDADE (AULA SEGURA) (DAVID)	POLOS CREATIVOS (EVA BRAÑAS)	SOSTIBILIDADE (EVA BERDULLAS RAQUEL)	RADIO (SALETA, CLAUDINA)

ACTIVIDADES DE CONVIVENCIA

A) CON IGUALDADE E DIVERSIDADE:

- ELABORACIÓN DE CUESTIONARIOS PARA DAR VISIBILIDADE A DIFERENTES TEMAS..
- VISIONADO DE CURTAS.
- CREACIÓN DE PRODUTOS AUDIOVISUAIS
- ELABORACIÓN DE CARTEIS.
- LECTURA E PRODUCCIÓN DE ARTIGOS, MANIFESTOS...

B) CON BIBLIOTECA:

- CLUB DE LECTURA
- REDE SOLIDARIA

C) CON SOSTIBILIDADE

- CONCIENCIACIÓN AMBIENTAL
- RECICLAXE

D) COA RADIO

- ELABORACIÓN DE GUIÓNS
- CREACIÓN DE PODCAST

E) CON POLOS CREATIVOS

- ROBÓTICA
- MANEXO DE MAQUINARIA

PROTOCOLO DO PARTE SANCIONADOR

[PARTE DE INCIDENCIAS.pdf](#)

O PROFESOR OU PROFESORA QUE SE VEXA NA NECESIDADE DE POÑER UN PARTE SANCIONADOR DEBERÁ ACTUAR DA SEGUINTE MANEIRA:

1. MANDARÁ A OUTRO ALUMNO OU ALUMNA EN BUSCA DO **PROFESORADO DE GARDA** OU, NA SÚA AUSENCIA, DALGÚN MEMBRO DO EQUIPO DIRECTIVO.
2. O **PROFESORADO DE GARDA** LEVARÁ AO **ALUMNO OU ALUMNA SANCIONADO PARA A AULA DE CONVIVENCIA** ONDE SE CUBRIRÁ A **FICHA DE REFLEXIÓN**, QUE SERÁ ENTREGADA EN XEFATURA DE ESTUDOS.

3. O PROFESORADO QUE PON O PARTE, UNHA VEZ O TEÑA CUBERTO DEBERÁ **DARLLO A LER E A ASINAR AO ALUMNO OU ALUMNA SANCIONADO E LOGO COMUNICARÁ ESTA SANCIÓN** AOS RESPONSABLES DO ALUMNO OU ALUMNA SANCIONADO (ABALAR PREFERIBLEMENTE) E AO TITOR OU TITORA.
4. O PROFESOR QUE PON O PARTE ENTRÉGAO EN XEFATURA DE ESTUDOS
5. **O ALUMNADO SANCIONADO, NO SEGUINTE RECREO** INMEDIATO Á SÚA SANCIÓN, DEBERÁ IR Á **AULA DE CONVIVENCIA** PARA COMENTAR A SITUACIÓN CON ALGÚN MEMBRO DO EQUIPO DE CONVIVENCIA

ANEXO AO PROTOCOLO DE INCIDENCIAS

- Cando a situación así o requira, e DEPENDENDO DA SÚA GRAVIDADE, poderá actuarse de forma inmediata e sen necesidade de axustarse ao protocolo.
- As medidas poderán ser as seguintes:
 1. Expulsión directa por 1 día para casa ou para convivencia.
 2. Labores sociais durante os recreos de 1 día con tarefas establecidas e individualizadas.